

# Marina, Fedellina

Traducido por: Laura Varela Taboada e Alexandre Sotelino Losada



INSTITUTE  
OF NEXT  
BY INFONOMIA



# Marina, Fedellina

Idea Orixinal: Alfons Cornella

Textos: Gina Clotet · Ilustracións: Sílvia Morilla · Deseño: Curro Astorza

Traducido por: Laura Varela Taboada e Alexandre Sotelino Losada

# Como naceu o proxecto Mariña, Fedelliña.

Durante os máis de 20 anos nos que nos dedicamos á innovación, en diversas ocasións tivemos a posibilidade de comprobar o inquedos e innovadores que son as nenas e nenos.

Porén, hai destacados exemplos de solucións moi innovadoras a problemas reais ideadas por nenas e nenos.

E hai distintos proxectos que van xustamente diso, de ver como a mente infantil atopa solucións a problemas reais diferentes das que atopan os adultos.

Neste senso, fai tres anos ocorréusenos recompilar unha serie de problemas reais, daqueles que nos rodean pero aos que non lle damos moita importancia, e preguntámonos “como os preguntaría” as propias nenas e nenos.

O resultado son estas 20 reflexións que se fai Mariña neste libro.

Ao final do texto incluímos 20 solucións: como resolver cada un dos 20 “problemas” que se fai Mariña dunha forma que alguén xa propuxo ou desenvolveu no mundo.

Por tanto, hai dúas maneiras de utilizar este texto.

Por unha banda, pódese usar simplemente como conto para contar aos nosos fillos/as ou netos/as (cando non o lean eles/as por si mesmos). Se se usa así, a idea é preguntar aos nenos/as sobre como resolverían o problema.

E, por outro, para utilizalo nun contexto de aprendizaxe sobre innovación en empresas, para ver que solucións conciben os profesionais aos problema que detectou Mariña. Se se quere utilizar desta segunda forma, pode resultar útil contrastar as ideas atopadas coas 20 “solucións” presentadas ao final do libro.

Esperamos que sexa divertido, e de utilidade. Porque, para que innovar se non é útil e divertido?

Chámome Mariña,  
mamá di que son  
moi curiosa e inqueda.

*Mariña fedelliña*, chámame.  
Encántame facerme preguntas,  
aínda que non sempre teño  
as respostas.

Eu creo que se tes un por que,  
seguro que atoparás un como.

*Mariña, Fedelliña*



1.

Un novo día  
comeza e mentres  
me ducho penso...

Que fará o monstro  
do desaugadoiro con  
toda a auga que se perde  
mentres espero a que saia  
quente?

*Marina Fedelliña*





2.

Saio a rúa e imaxino...

...que as gomas de mascar  
pegadas na beirarrúa  
deciden voar como  
burbullas de xabón e  
o meu patín escorrega  
moooooi rápido.

*Marina Fedelliña*



3.

Vale, hai que estar sentado en clase,  
pero así sinto que as miñas ideas  
están pegadas ao chan.

E se as deixase voar?

E se as miñas ideas rodasen?

*Marina Fedelliña*





4.

Mamá preguntame por que  
perdín a chaqueta.  
Di que teño que atopala.

E se a chaqueta  
me atopase a min?

*Marina, Fedelliña*



5.

Un día enteiro  
cargando a mochila...

Aos caracois tamén  
lles doen as costas?

*Marina Fedelliña*





6.

O avó ten moito que contar.

E se metese todas  
as súas historias en botes  
para que nunca  
se perdesen?

*Marina, Fedelliña*




7.

A miña avoa e o móbil  
non se entenden.

E se o móbil da miña avoa  
se parecese un pouco  
ao teléfono que utilizaba  
de moza?

*Marina, Fedelliña*





8.

Os avós déronme cartos.

Cando teña suficientes  
comprarei un telescopio.

Namentres...

Como facer isto  
máis divertido?

*Marina Fedelliña*



9.

Contei pedras,  
contei persoas e mesmo paxaros.  
Xa non me queda nada por contar...

E se esperar non fose  
un aburrimiento?

Imaxinas?

*Marina Fedelliña*





10.

Gústame o chan limpo  
na casa e na rúa.

Ti víchelo,  
eu vino.  
Quen o recollerá?

*Marina, Fedelliña*



11.

Non imaxino un mundo sen árbores...

E se sempre levásemos  
sementes nos petos  
furados?

*Marina Fedelliña*



12.

Só os maiores deciden  
sobre o noso futuro?

Os nenos e nenas  
temos máis futuro.

E se nos preguntasen?

*Marina Fedelliña*







13.

Seguro que os deberes  
os inventou alguén  
moi aburrido.

E se facer mates fose  
como ser a protagonista  
dun concurso?

*Marina, Fedelliña*



14.

Oxalá tivese unha  
irmá maior que me axudase  
como a miña amiga Cloe.

E se adopto a unha?

*Marina, Fedelliña*



15.

A miña nai tamén  
estudou violín co  
profesor Shorofsky.

A música que toco  
é moi antiga.

As clases tamén  
teñen que selo?

*Marina, Fedelliña*







16.

Sacarse e poñerse a roupa  
nun probador é unha tortura.

Espelliño, espelliño:  
quen pode ver como  
queda a roupa sen  
ter que sacarse nin  
un calcetín?

*Marina Fedelliña*



17.

É imposible que ninguén  
leve o meu vestido.

Decidín  
facermo eu mesma.

*Marina, Fedelliña*



18.

Papá está preocupado.  
A lavadora rompeuse.

Un experto podería  
ensinarme como  
arranxala. Eu a cambio  
podería ensinalle a reparar  
“deberes mollados”.  
Tamén son unha experta!

*Marina Fedelliña*





19.

Cando a miña irmá  
está triste, o chupete  
cúrao todo.

E se houbese  
un chupete para pais?

*Marina, Fedelliña*



20.

O día remata.

Seguro que a escola se sente soa  
cando nos imos a casa.

E se entón abrísemos  
as portas para que  
entrase a vida?

*Marina Fedelliña*



# Solucións reais

①

## Auga quente na ducha

Para resolver o problema do malgasto de millóns de litros de auga que se produce cada día nos nosos fogares mentres esperamos que saia quente da ducha, os/as emprendedores/as de Aquareturn propoñen un enxeñoso sistema que une confort e ecoloxía.

Máis: [www.aquareturn.com](http://www.aquareturn.com)

②

## Eliminar as gomas de mascar pegadas na rúa

En practicamente todas as cidades do mundo podemos ver millóns de gomas de mascar pegadas nas súas rúas. A solución habitual consiste en empregar chorros de auga quente a presión. Pero hai uns anos escoitamos a un novo emprendedor que propoñía usar unha solución cunha bacteria inocua que se alimentaba xustamente desta goma.

Ver tamén a solución que propón:  
[gumpak.es](http://gumpak.es)

③

## Cadeiras con rodas nas escolas

Alguns estudos demostran que dispoñer de cadeiras móbiles, con rodas, nos colexios, aumenta a concentración do alumnado. Ao parecer, o simple movemento duns centímetros que pode facerse con estas cadeiras, libera ao cerebro da sensación de rutina e xera maior capacidade de atención. Propuxérono equipos de arquitectos en textos como [thethirdteacher.com](http://thethirdteacher.com)

Máis: [mirplayschool.com/produto/mia-rodas](http://mirplayschool.com/produto/mia-rodas)

4.

## Etiquetas para non perder as tuas cousas

As nais e pais de todos os/as nenos/as do mundo experimentaron con que facilidade se perden as cousas. Para evitalo, o normal é poñer algún tipo de etiqueta, co nome do propietario/a. Unhas nais emprendedoras de Igualada idearon unhas etiquetas sinxelas, fáciles de utilizar, e, o mellor, fáciles de deseñar e encargar a través dunha intuitiva aplicación dixital.

Máis: [www.stikets.com](http://www.stikets.com)

5.

## Mochilas máis cómodas e ergonómicas

Vemos cada día miles de nenos/as con enormes mochilas ás súas costas, carrexando libros e materiais da súa casa a escola, e ao revés. Deseñar mochilas que non prexudiquen as súas costas é algo importante, debido a que pode evitar lesións que acabarán aparecendo anos despois. Por iso é moi relevante que empresas como Miquelrius.com traballe para resolver este problema.

Máis: [youtu. be/ XUvWes9 VWYw](https://youtu.be/XUvWes9VWYw)

6.

## Escotar aos maiores

A xente maior viviu moitas e moi interesantes experiencias. Que as conten aos máis pequenos é unha forma de “inxectar realidade” nas escolas, de aumentar a nosa memoria colectiva, e de incorporar aos nosos avós nunha actividade diaria. No mundo, hai diversos proxectos de recuperación e posta en valor da experiencia dos nosos maiores. Unha iniciativa interesante neste sentido é a actividade de “escoltadora” que leva a cabo Montse Bo.

Máis: [l-escoltador.blogspot.com.es](http://l-escoltador.blogspot.com.es)



# Solucións reais

⑦

## Teléfonos para maiores

Moitas persoas maiores piden dispoñer dun teléfono sinxelo de usar, con menos engadidos que non lles aportan nada. Curiosamente, este mercado parece dominado polo mantra de “máis por menos”, cando o que moita xente pide é “menos é máis”. Algúns fabricantes así o entenderon, e propoñen en consecuencia móbiles simples.

Máis:

[www.greatcall.com/jitterbug](http://www.greatcall.com/jitterbug)  
[www.doroespana.es](http://www.doroespana.es)

⑧

## Aforrar debería ser máis sinxelo

Os que xa temos uns cuantos anos acordámonos dos estímulos que as caixas de aforros dábannos para aforrar. Aínda lembro os libros que me daban cando ingresaba 1000 ptas. Hoxe temos moitos dispositivos móbiles, e obxectos físicos, que poderían facer moi fácil estimular o aforro dos nenos/ as.

Exemplo: [www.kickstarter.com/projects/187482891/ernittm-these-mart-piggy-bank](http://www.kickstarter.com/projects/187482891/ernittm-these-mart-piggy-bank)

⑨

## Colas, colas e colas que rollo

Quen non padeceu unha cola nalgún momento da súa vida?. Para min, o caso extremo experimenteino os veráns nos que levei aos meus fillos a algún parque temático. Estar a esperar baixo o duro Sol de verán durante horas para conseguir entrar nunha atracción que duraba como moito un par de minutos, e entreter mentres tanto aos meus fillos nerviosos se non ansiosos, foi algo que non lembro moi positivamente. Hoxe xa hai moitas solucións para facer colas virtuais: dáseche un número de orde, e enviáseche un aviso directamente ao teu móbil uns segundos antes de que che toque.

Exemplo: [www.qminderapp.com](http://www.qminderapp.com)

10.

## Nin un papel no chan...

Creo que a mellor medida da cultura dunha sociedade é cantos papeis se atopan no chan. Máis aínda, como os propios cidadáns e cidadás inclínanse para recollelos, sen esperar a que algún servizo público o faga. Hai no mundo diversos proxectos cuxo obxectivo é limpar o territorio grazas á participación activa dos cidadáns, como o que se realizou en Portugal hai uns anos para limpar os bosques. Confeso que eu non podo evitalo: papel que vexo, papel que recollo. Aos meus fillos/as non lles gusta que o faga, pero creo que é a mellor herdanza que podo deixarlles: a idea do compromiso dun coa súa cidade/vila/aldea.

11.

## Plantar árbores para sobrevivir...

Hai uns anos tiveron a ocasión de coñecer o proxecto de Felix Finkbeiner, un neno alemán que conseguira mobilizar a miles de persoas en todo o mundo para plantar árbores. O súa lema “Stop talking. Start Planting” foi transmitido en centos de ocasións e en múltiples sitios por todo o mundo. Creo que é o tipo de proxecto que deberá prosperar nos próximos anos: propostas para que a xente actúe pola súa conta, coordinadamente, sen esperar a que algún “organismo” o faga. Se o planeta se pode salvar é porque as persoas podemos (debemos) actuar. Non hai máis.

Máis: [www.plant-for-the-planet.org](http://www.plant-for-the-planet.org)

12.

## Menos/as ideando solucións a problemas reais

Son moitos os proxectos educativos no mundo que se basean en expor retos reais aos alumnos para que, aplicando a súa creatividade, atopen solucións “non convencionais” aos mesmos. Trátase de que apliquen enfoques frescos a situacións que os adultos non conseguen resolver. Como, por exemplo, desenvolver ideas para conseguir a paz no mundo, un dos focos de [www.worldpeacegame.org](http://www.worldpeacegame.org).

# Solucións reais

13.

## Mates divertidas

Cantas e cantas persoas non puideron desenvolver a súa vocación científica ou tecnolóxica porque se lles atrancaron as mates en algún momento da escola primaria ou secundaria. Por que teñen as mates esa mala fama de ser “difíciles” e “aburridas”? Non hai outra forma de descubrilas?

Non é certo que no futuro dispoñer dunha certa capacidade de “análise cuantitativa”, de entender os números e as súas relacións, será fundamental? Hai moitas propostas para explicar e aprender mates de formas máis atractivas. Unha delas é a de Theonni Pappas no seu espazo [eu.ixl.com](http://eu.ixl.com)

14.

## Un irmán maior, para axudarme

O bullying, os malos tratos de nenos/as e mozos/as por parte dos seus compañeiros/as, é un grave problema, en crecemento no mundo. Unha das solucións que se están experimentando nalgúns lugares consiste en conectar aos nenos cun mozo/a que xa pasase por iso, que saiba de que se trata, como se vive, para que poida apoiarlle e axudarlle a ver de forma positiva o que pode conseguir no futuro. Un bo exemplo, aplicado en Estados Unidos en barrios cun elevado índice de risco de exclusión social, atopámolo no proxecto Big Brothers, Big Sisters.

Ver: [www.bbbs.org](http://www.bbbs.org)

15.

## Música, non máis dor para aprendela

Sempre terei que loitar coa frustración de non poder aprender a tocar ningún instrumento. Que envexa escoitar a alguén que sabe facelo! É como coas mates, moita xente ve evaporarse as súas ganas de aprender polo pouco atractivo do proceso de facelo. É imprescindible que aparezan máis e mellores formas de aprender música. É certo que é preciso disciplina... pero seguro que hai mellores formas de aprender xogando...

Máis: [www.aprendomusica.com](http://www.aprendomusica.com)

16.

## Probarse roupa debería ser máis fácil

Que rolo ter que vestirse e espirse para probar a roupa nunha tenda! Se non vou máis a comprar roupa é xustamente para evitar este inconveniente. Por sorte, diversas empresas están a desenvolver aplicacións de realidade aumentada para verte vestido coa roupa que queres probar sen necesidade de espirte. Simplemente superpón a imaxe virtual da roupa á túa imaxe real que ves reflectida nun espello. Os avances neste concepto de “espello máxico” son sorprendentes.

Ver: [memorymirror.com](http://memorymirror.com)

17.

## Fágomo en (DIY)

Nunha cultura, a actual, onde todo parece virar ao redor do mero manexo de símbolos nunha pantalla, volver descubrir a túa capacidade de fabricar algo coas túas mans (“do it yourself, DIY”) é, literalmente, un pracer. Cando te mergullas na construción de algo consigues achegarte a ese estado de felicidade que os psicólogos positivos denominan “fluxo”: o tempo non pasa, gozas de estar mergullado no que estás a facer. É a cultura do “maker”, do que “fai cousas”, aproveitando a conexión cerebro-mano, multiplicándoa con ferramentas e materiais.

Exemplo: [makezine.com](http://makezine.com)

18.

## Reparar, non tirar

Por que tirar algo que deixou de funcionar, seguramente por unha bobada que se arranxa de xeito sinxelo? Bo, con arranxo fácil por alguén que saiba facelo, está claro. Hai persoas que teñen esas capacidades, porque traballaron en talleres toda a súa vida, ou porque mostraron interese por aprender como funcionan as cousas. En distintas cidades do mundo apareceron os Repair Cafés, espazos nos que, uns días ao mes, persoas con aparellos estragados acoden para que persoas con habilidades reparadoras os curen.

Máis: [www.repaircafe.org](http://www.repaircafe.org)

# Solucións reais

19.

## Chupetes para adultos

A intensidade e complexidade da vida diaria fai que moitas persoas atopen moi difícil ter un equilibrio vital polo que, a miúdo, se senten desanimadas, desorientadas, soas. Non é estraño, por tanto, que haxa tantas propostas para “atopar” o equilibrio: mindfulness, ioga, Pilates, etc. Algúns actúan sobre aspectos físicos do corpo e outros sobre os psicolóxicos ou mentais. Un bo exemplo é o software Superbetter. Máis aínda, as empresas esforzánse por ser un lugar no que os empregados poidan desenvolverse e sexan felices.

Exemplo: [www.myhappyforce.com](http://www.myhappyforce.com)

20.

## Clases abertas despois de clase

Que malgasto que miles de colexios pechen cada día unhas horas despois de que acaben as aulas. Por sorte, son cada vez máis os que abren as súas portas para que se desenvolvan outro tipo de actividades, desde extraescolares a accións formativas para adultos. Os colexios son unha infraestrutura básica para os barrios e pobos. Sacar máis proveito deles, e mesmo incorporar actividades non lectivas ao proceso formativo dos máis novos, levadas a cabo por adultos expertos en algo, axudaría na renovación necesaria no xeito en como aprendemos.

Exemplo: [ajuntament.barcelona.cat/educacio/ca/patis-escolars-oberts-albarri](http://ajuntament.barcelona.cat/educacio/ca/patis-escolars-oberts-albarri)







**Idea Orixinal:** Alfons Cornella

**Textos:** Gina Clotet

**Ilustracións:** Sílvia Morilla

**Deseño:** Curro Astorza

**Primeira edición:** Xaneiro 2018

**Traducido por:**

Laura Varela Taboada

e Alexandre Sotelino Losada



# Mariña, Fedelliña

Chámome Mariña,  
mamá di que son  
moi curiosa e inqueda.

*Mariña fedelliña*, chámame.  
Encántame facerme preguntas,  
aínda que non sempre teño  
as respostas.

Eu creo que se tes un por que,  
seguro que atoparás un como.



INSTITUTE  
OF NEXT  
BY INFONOMIA

